



Curso de deseño e implementación de plans e accións de dinamización lingüística

[2.^a edición]

3-10-17-25-31 de outubro de 2014

Santiago de Compostela | www.ctnl.gal

Presentación

Contribuír ao proceso de normalización do galego non é só unha cuestión de vontade nin de "organizar cousas". Para facelo con eficacia, debemos aprender como: buscar a participación e a complicidade, axeitar os discursos, adecuarnos ás diversas actitudes lingüísticas, coñecer metodoloxías e técnicas, contar con estratexias, etc.

Con este curso preténdese que as persoas participantes adquiran unha perspectiva global da dinamización lingüística e aprendan unha metodoloxía de traballo de xeito práctico.

Obxectivos xerais

- ✓ Afondar na filosofía da dinamización como proceso de activación social para a normalización lingüística.
- ✓ Dotar as persoas participantes dunha metodoloxía para o deseño, xestión, implementación e avaliación de accións de dinamización lingüística dende unha perspectiva fundamentalmente práctica.

Datas e horarios

- ✓ Venres 3, 10, 17, 25 e 31 de outubro de 2014, de 16.30 h a 20.30 h.

Lugar

- ✓ Seminario D01 da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela.

Contidos

- ✓ A dinamización lingüística.
- ✓ Do plan de normalización ao plan de dinamización.
- ✓ O discurso da dinamización lingüística.
- ✓ Plans e actuacións de dinamización lingüística.
- ✓ Fases. Planificación e execución. A avaliación integral.
- ✓ A participación e implicación.
- ✓ Mercadotecnia e plan de comunicación.
- ✓ Experiencias prácticas.

Persoas destinatarias

- ✓ Traballadores/as de normalización lingüística de administracións, empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.
- ✓ Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua desde asociacións, colectivos, etc.

Para o bo funcionamento e aproveitamento do curso poderán participar un máximo de 20 persoas.

Organiza



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua

Colaboran



XUNTA DE GALICIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Duración

- ✓ 25 horas (20 presenciais e 5 de traballo non presencial)

Profesorado



- ✓ Contidos xerais, dinamización, planificación, execución, avaliación, etc.:
Isabel Vaquero. Técnica de normalización lingüística, responsábel da Área de Dinamización do SNL da Universidade de Santiago de Compostela.
- ✓ Mercadotecnia e comunicación:
Miguel R Penas. Xornalista, especialista en comunicación e presidente da Agal.
- ✓ Participación e implicación:
Xaime Subiela. Investigador social e consultor público experto en participación social.

Procedemento de inscrición

- ✓ Inscrición: a través do formulario habilitado para o efecto no web **www.ctnl.gal**.
- ✓ Prazo: Do 11 ao 22 de setembro.
- ✓ Límite de prazas: 20

Dado que o número de prazas está limitado a 20, terán preferencia, en primeiro lugar, os/as socios/as da CTNL por orde de inscrición. Despois deles/as, respectarase a orde de inscrición entre o resto das persoas inscritas.

Non se pode pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas incluídas nesa listaxe de admitidas deben ingresar o importe da matrícula ata o 6/11/13 na conta da CTNL en ABanca con IBAN ES18 2080 0377 0430 4000 4060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Curso dinamización".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por

teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

Calendario

Prazo de solicitude de participación no curso	Desde o 11/9/14 ás 11.00 h ate o 22/9/14 ás 14.30 h
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 23/9/14 ao longo da mañá
Prazo para o pagamento da matrícula	Ata o 29/9/14
Datas do curso	3, 10, 17, 25 e 31 de outubro de 2014, de 16.30 h a 20.30 h

Cota de inscrición

- ✓ Socias/os da CTNL: 25 euros.
- ✓ Estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socias/os: 40 euros.
- ✓ Resto de non socias/os da CTNL: 100 euros.

[Inclúe: todas as sesións, material do curso, caderno *Como cho digo* ;-), bolígrafo, mochiliña *Gústame o galego* e certificado de asistencia]

Certificado de asistencia

- ✓ Para obter o certificado de asistencia hai que participar en, cando menos, o 80% das horas totais do curso.

+info

Entra en www.ctnl.gal

Escribe a info@ctnl.org

Chama ao 629 571 950

Organiza



Colaboran

